NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/18/2014	CONZI044	
0U463R26586P231H0BWQ		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A AVALIACION DA DOCUMENTACIÓN CONTIDA NO SOBRE "B" NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO FORNECEMENTO DUN SISTEMA INTEGRAL DE IMPRESIÓN.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez. (Alcalde-Presidente)

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)
D. Manuel G. Antón Villamil (Interventor Accidental)
D. Gustavo Arribas Robles (Técnico Informático)

Secretario:

Ignacio Mazaira Garro (Xefe Sección Contratación)

Sendo las 12 horas do día 2 de marzo de 2015, reúnese a Mesa de Contratación formada por los membros que enriba se expresan, para a avaliación da documentación presentada no sobre "B" polos licitadores participantes neste procedemento.

Pola presidencia declárase aberta a reunión, procedéndose a tratar os asuntos da orde do día:

Lido o informe redactado polo técnico superior en informática D. Gustavo Arribas Robles, sobre as ofertas presentadas e discutido o mesmo pola Mesa de Contratación, esta acorda:

Rexeitar a oferta presentada por Dixital Interactive Dream S.L., por non axustarse ao prego de condicións técnicas nos seguintes aspectos:

Non presenta as caracteristicas establecidas como mínimas no apartado 2.1 do prego de condicións técnicas, xa que na súa configuración básica:

- Non dispón de Alimentador de orixinais de 50 follas a dobre cara.
- Non especifica que realice discriminación de páxinas en branco.
- Só ten capacidade para 1100 follas (o mínimo son 2000 follas).
- Non ten Fax (é opcional).
- Non posúe clasificador de saída con sistema de grapado.

A máquina Toshiba e-studio 264cs non presenta as características establecidas como mínimas no apartado 2.3 do prego de condicións técnicas, xa que na súa configuración básica:

- Non realiza escaneado a SMB.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- A interface de rede é 10/100 Base Tx, cando o mínimo e 1000 Base Tx.

A máquina Toshiba e-studio 332s non presenta as características establecidas como mínimas no apartado 2.4 do prego de condicións técnicas, xa que na súa configuración básica:

- Non posúe bandexa para sobre DL (alimentación bypass só de unha folla).
- Non realiza escaneado a SMB.

A interface de rede é 10/100 Base Tx, cando o mínimo e 1000 Base Tx.

Tamén debe rexeitarse a oferta presentada por Fornecementos Galegos S.L., ao incumprir o indicado no cuarto parágrafo do punto 1.3 do prego de condicións técnicas, que establece que "o licitador deberá ofertar equipos multifuncionais e impresoras de recente lanzamento que incorporen as especificacións técnicas mínimas que se detallan no presente prego". Solicitado informe ao fabricante, sobre os modelos ofertados pola mercantil FORGA S.L., ao non atopar algún modelo nos seus catálogos, Konica Minolta Business Solutions Spain S.A., remitiu correo electrónico a este Concello indicando que as máquinas con denominación Bizhub 552 e Bizhub C-552 están descatalogadas dende Novembro de 2013 e Agosto de 2012 respectivamente

VSM Sistemas Coruña S.A., presenta unha oferta que cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos no prego de condicións, mellorándoos en certos aspectos, melloras que non se puntúan ao ser esta a única empresa que segue na licitación.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12,43 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es